

Bo día, rapazada!

Outra semana máis e case rematando.

Para esta semana toca.....

Arte xeométrica. Presentámosvos o enlace a un vídeo que merece a pena ver. "Más por menos. La geometría se hace arte". <https://www.youtube.com/watch?v=HVvdAiPrvk8> A partir dese visionado, xunto cunha presentación artística en power point sobre a xeometría na arte e coas instrucións que teredes no enlace de matemáticas ides a seguir demostrando as vosas calidades artísticas. **Non precisades imprimir nada**, só ver o vídeo, a presentación , ler as instrucións e deixar voar a vosa imaxinación.

Reto. Arte de novo. Lámpada de sombras.

Las aventuras de la mano negra. Esperamos que vos gustase. Algúns de vós xa nolo transmitíchedes nos vosos correos. Alegrámosnos de ter ben elixido. Agora propoñemos dúas actividades. **A referida a vosa opinión sobre o libro é a que debedes enviar á titora.**

As demais áreas nos seus enlaces.

Xa vedes que intentamos propoñer actividades creativas e motivadoras nesta recta final.

Gozade moito do tempo de lecer .

Unha aperta apertadísima!!!!

Juan e as vosas profes.